

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

CREACIÓN LITERARIA

Historias da Liña Azul (Parada 21: Final)

Final de traxecto. Algo máis dun ano despois de botar a andar, a viaxe debe rematar aquí, coas 21 paradas da Liña Azul realizadas. Ese era o plan inicial, unha forma de achegar o relato á realidade desta liña de metro, co mesmo número de paradas.

David Pérez González - 16:25 11/04/2007

Pero... Quen dixo que isto tiña que achegarse á realidade? A pregunta queda aí, a resposta dáde-la vós. Se demostrades que non é así, que hai outros vieiros posibles, xa sabedes: *Boleto para a liña azul...* Quen sabe, tal vez esta non sexa a última parada.

Por se acaso, agardo que vos fixera pasar algún rato entretido. Grazas a todos, especialmente a aquelas/es que encarrilastes o traxecto desta liña a través dos vosos comentarios. Unha aperta virtual e deica outra. Por **David Pérez González** (o da Pobra ;)

Outra vez dentro do convoi, outra vez a escuras. Non hai máis esperanza, nin máis membros do club. Se a luz non ven, pensei, haberá que buscala. Pensei que podería, erro. Nunca tal deixaron estas nubes de formigón. Pensei demasiado. Péchanse as pálpebras. Un día longo. Un día? Cantas paradas recorrín xa. Dez? Vinte?

Torna a visión e o vagón preséntase como unha casa deshabitada. Non hai ruído nin movemento. E os cristais? Os madeiros que tapian as ventás non deixan ver nada. Quen está aí fóra? Quero arrincalos, abrir paso, pero os brazos non responden. Berro con forza para saír.

Bruscamente, de volta no vagón. O mesmo pesadelo... Non, agora é de día. Logo, sigo a soñar. A luz é clara. En lugar do túnel, vese o ceo. Estraño; saín dun pesadelo para caer nun soño afable, sen transbordo pola consciencia. Pero a xente mírame con acritude, como se todo fose real, como se de veras aterrasedo do soño. Todo é verosímil, excepto ese ceo. A non ser que o sol entrasedo de verdade no convoi. Paramos, que pon aí: *Can Boixeres*. Descoñecía esta parada. Entón, xa non soño, espertei de veras.

Non reparara nesta posibilidade: o convoi circula tamén pola superficie. Nunca chegara até tan lonxe nesta dirección. Trabuqueime ao concibilo como un espazo de escuridade sempiterna.

Hai máis. Non debería dar nada por feito. Que podo alcanzar. Que debo agardar.

Chegou a luz. Tal vez as respostas. Pero onde, onde? Xa apenas ninguén. Non hai risos, nin miradas cómplices. O peto, tal vez no peto... Si, o letargo deu o seu froito. Unha nova misiva:

“A novela que nos interesa non é a que vai colocando os personaxes na situación, senón a que instala a situación nos personaxes. Co cal estes deixan de ser personaxes para volverse persoas” *O Club da Serpe*.

Entendo, xa non me sorprende. Todo claro, como o vagón. Coma min. É tempo de saír á luz, como fixo o convoi. Coincide. Sempre coincidiu, pero non o vía. Agora vexo cara adiante, e tamén cara atrás. O metro fíxose máis grande a medida que o ía percorrendo. Canta máis información absorbía, máis me ocupaba. Non me decatara. Estiven a recorrerme. Que poético. O da recorrencia, digo.

E isto que implica. Cal é a consecuencia de saberme... Non podo seguir a falar por boca do personaxe. Debería quitarme esta máscara, esta lousa. E como? Non, non pode ser iso. Sen esa voz, xa sexa para tornar en persoa ou flor do campo, isto deixa de ser coherente. Ou non? Podería probar. Podería dicir que xa está. Así sen máis: todo rematou. Son unha persoa e, polo tanto, esta voz cesa e o caso rematou, porque saio desta liña e sigo/comezo a miña historia verdadeira, esa que non se conta...

Non, parece que non funciona. A pesares ter consciencia da macroestrutura que me envolve, non son capaz de calar e deixalo así. Iso suporía rebordar con desprezo a verosimilitude da narración. Fronteira movediza, pero sagrada, entre dous mundos: este no que conto, este do que conto. Un momento, algo cambiou aquí. Xa non sei nin do que falo. Empezo a non recoñecerme nesta voz.

Non debo saírme. Aínda son un detective cun caso sen resolver. Pero se fun creándome a partires deste caso, alguén debeu trazar unha trama previa. Esa na que me instalei para ir medrando. Como o día en que alguén descoidou unha das bolas do xogo, deixándoa en tal situación que foi creando a súa propia dinámica, o seu propio universo. Ou colocárona aí a mantenta, sabendo o que daría de si? Non é o caso. Son unha peza que se saíu da partida por vontade propia. Que farás agora? Acabo de comerme ao teu narrador. Tócache mover peza.

Ah, claro. Xa me esquecía. Sen voz, non podes intervir, eh?. Pobriño, que impotencia. Cabalo come a raíña.

Todo o que aconteza parte agora de min. Desta boca, deste digo. Mais para levantar a historia, ten que haber alguén máis que o que conta. Ten que haber, e con moita máis necesidade, quen escoite. Segues aí?

Si, ti, o que lee/escoita. Necesito a túa axuda. Faremos un pacto narrativo. Chegaremos xuntos a unha conclusión que me permita a min deixar de falar, e a ti deixar de escoitar. Isto non se pode facer polas bravas. Hai uns límites. Necesitamos un desenlace, un final. O final de que? Ti dirás, eu até o de agora estaba aí dentro, non era consciente do artificio que me envolvía.

Lembro que tiña un caso, bastante irreal, todo hai que dicilo, pero un caso ao fin e ao cabo.

Repasemos: alguén se dedicaba a espiar á xente do metro para escribir dela, ou posibles historias en torno a ela. Iso non está ben. Podes imaxinar a vida dun descoñecido a través do cristal do convoi, pero non podes especular sobre iso por escrito. Tamén nisto hai límites.

Esa persoa... Si, partamos de que é un de nós (e dígoo eu, que acabo de entrar no club), estivo a facer de demiurgo. Púxonos por embaixo da súa realidade. Pero agora estamos ao mesmo nivel. A proba é que xa non pode instalar a ninguén máis nesta situación porque, como acababan de comunicarnos, a situación instalouse en min. Perfecto.

Entón, como debemos actuar? Buscar ao autor desta lea e pedirlle explicacións? Matalo por crear algo que non soubo controlar? Creo que a súa actuación foi limitada. O propio rei non deixa de ser unha peza máis do xogo. Agora vese impotente e terá que asumir o que nós lle dítamos. É mellor non darlle ningunha importancia, desprezalo como fixo el con nós. Si, con nós. A min por crearme como un arquetipo incompetente e risible, e a ti por facerche entrar nunha ficción tan manida. Non paga a pena nin buscalo.

A nosa conclusión estará por riba das súas perspectivas. Debemos facer que se poña de xeonllos ante nós. Seremos nós os creadores.

Retomemos a evolución da liña. Se reparamos polo miúdo, veremos que hai alguén máis que tamén construía a historia, independentemente dese narrador. Lembra: *O Club da Serpe*. Eles tamén cobraron certa independencia. As notas. Seguro que tamén o percibiches; tiñan un espírito ben diferenciado. Si, outro estilo se queres chamalo así. Creo que debemos seguir a pescuda por aí.

Ainara. Non creo que fose el quen a puxo alí. Era demasiado feitiña, con carácter, ben trazada. Foi ela a que creou ese outro espazo, a que encarrilou a liña de investigación cara o club. Todo un universo novo de posibilidades, con moito máis interese que as albiscadas até ese momento.

Debemos atopala a ela. Agora que penso, e que sinto, todo comezou a cambiar cando ela entrou na historia. Nesta historia, nesta situación que se instalou en min e, polo tanto, con ela dentro. E creo que podería encadrala aínda máis. En concreto, nun convoi que circula pola zona do peito. Concéntrate, agora si que debemos estar alerta. Busquemos aí.